# acuática



**Xanela de Marta Dacosta**

acuatica07@gmail.com


### CONTIDOS

- A muller que le
- Acuática alma
- Antoloxías
- Ao redor de Manuel María
- Ao redor de Victoriano Taibo
- Argola
- artigos
- As amantes de Hamlet
- Autobiografía
- Cartas açorianas
- Cinsa
- Confinamento - Diario
- Cousas da lingua
- des-tecer
- Dun lago escuro
- entrevistas
- Escribir é
- Filla de Medea
- foto-poemas
- Labirinto ou memoria
- libros
- Na casa da avoa
- Narracións
- Obradoiros
- Poemas musicados
- PontePoética 2013
- Recitais
- Roteiros literarios
- textos editados
- Viaxe ao Val de Xálima
- Vídeo-poemas
- Xeral

### OBRA

- columnas de opinión
- entrevistas
- Intervencións
- Os meus libros
- Recitais

### ANTERIORES

- Últimas colaboracións
- Decimonónica
- Festival Alguén que respira
- Non sen a miña lingua
- Nasal velar sonora
- As pontes do rio Lethes de Florival Lança
-
- Hai moitas “manadas”
- Presentación de "Labirinto ou memoria" en Gondomar
- Recensión de Labirinto ou memoria en Ferradura ou tránsito II

### Arquivo

- Marzo 2020
- Xaneiro 2020

- Agosto 2019
- Xullo 2019
- Xuño 2019
- Maio 2019
- Abril 2019
- Marzo 2019
- Febreiro 2019
- Xaneiro 2019

- Novembro 2018


# Neve



Entre a última remesa de libros de Espiral Maior, chegou Neve, o último poemario de Lucía Novas, merecedor do **XIII Premio de poesía Johan Carballeira**.

Ao principio reparei na delicadeza dos poemas, que ían construíndo a imaxe dun xardín nevado, o anuncio do inverno
*As flores das maceiras a caer no estanque*
*A brancura*
*do vento*
e reparei no aspecto formal duns poemas en que as enumeracións e os encabalgamentos abruptos nos situaban na rapidez con que o tempo pasa e nos impide gozar de cada momento, o tópico do **tempus fugit** expresado polo contraste entre unha linguaxe requintada de campos semánticos da exuberancia vexetal, da beleza dos xardíns, e este rápido avanzar dos versos. Considerei que estabamos ante unha poesía de inspiración oriental, que entroncaba coa liña culturalista dos 80
*candeas luminosas, das maceiras niponas*

A neve, pasado o inverno, comezou derreter e apareceu a auga, semente de vida
*Renacen as rosas nos cantís*
...
*A auga silenciosa.*
*As canles.*
*As flores branquísimas*
*voan*
*levadas polo vento*

E entón apareceu o cazador
*o arco*
*tensado*
*(a garza alza as súas ás sobre as árbores*
*Escuras –o tempo que foxe):*

A contraposición entre o ser, humano?, que destrúe o tempo co seu arco, coa súa ansia de ferir e as garzas, os corzos, o grou
*Esgazou o corazón da neve*
*O sangue*
*salferiu a brancura.*
E conectándonos agora co universo simbólico da nosa poesía medieval, volvemos atoparnos cun tempo que foxe inexorabelmente e destrúe a propia vida. O branco e a cor do sangue son as cores que desde Neve nos falan deste paso do tempo.

Esta foi a miña chave de lectura e gustei moito do libro. Moito. Con seguridade hai outras mensaxes no texto, sempre a poesía pode ser plurisignificativa e este libro de Lucía Novas éo. Gocei da viaxe a través do paso do tempo que a autora nos propón e digo que hai unha simbiose lúcida entre a forma e o contido: o conxunto do libro é a mensaxe.

Lédeo.

**Comentarios (2)** - Categoría: **libros** - Publicado o 10-12-2010 09:34

**# Ligazón permanente a este artigo**

**2 Comentario(s)**

1 Creo que esta reseña é exactamente o que eu andaba a buscar!

- Outubro 2018
- Setembro 2018
- Agosto 2018
- Xullo 2018
- Xuño 2018
- Maio 2018
- Abril 2018
- Marzo 2018
- Febreiro 2018
- Xaneiro 2018

- Decembro 2017
- Novembro 2017
- Outubro 2017
- Setembro 2017
- Agosto 2017
- Xullo 2017
- Xuño 2017
- Maio 2017
- Abril 2017
- Marzo 2017
- Febreiro 2017
- Xaneiro 2017

- Decembro 2016
- Novembro 2016
- Outubro 2016
- Agosto 2016
- Xullo 2016
- Xuño 2016
- Maio 2016
- Abril 2016
- Marzo 2016
- Febreiro 2016
- Xaneiro 2016

- Decembro 2015
- Novembro 2015
- Outubro 2015
- Setembro 2015
- Agosto 2015
- Xullo 2015
- Xuño 2015
- Maio 2015
- Abril 2015
- Marzo 2015
- Febreiro 2015
- Xaneiro 2015

- Decembro 2014
- Novembro 2014
- Outubro 2014
- Setembro 2014
- Agosto 2014
- Xullo 2014
- Xuño 2014
- Maio 2014
- Abril 2014
- Marzo 2014
- Febreiro 2014
- Xaneiro 2014

- Decembro 2013
- Novembro 2013
- Outubro 2013
- Setembro 2013
- Agosto 2013
- Xullo 2013
- Xuño 2013
- Maio 2013
- Abril 2013
- Marzo 2013
- Febreiro 2013
- Xaneiro 2013

- Decembro 2012
- Novembro 2012
- Outubro 2012
- Setembro 2012
- Agosto 2012
- Xullo 2012
- Xuño 2012
- Maio 2012
- Abril 2012
- Marzo 2012
- Febreiro 2012
- Xaneiro 2012

- Decembro 2011
- Novembro 2011
- Outubro 2011
- Setembro 2011
- Agosto 2011
- Xullo 2011
- Xuño 2011
- Maio 2011
- Abril 2011
- Marzo 2011
- Febreiro 2011
- Xaneiro 2011

- Decembro 2010
- Novembro 2010
- Outubro 2010
- Setembro 2010
- Agosto 2010
- Xullo 2010
- Xuño 2010


*Comentario por **O papasol** (23-12-2010 14:18)*

**2** Alégrome.
Un saúdo papasol.

*Comentario por Acuática (23-12-2010 17:12)*

**Deixa o teu comentario**

Nome:

Mail: (Non aparecerá publicado)

URL: (Debe comezar por http://)

Comentario:

Enviar comentario